



## PLAN HOSTALERÍA

### Quen pode solicitar a axuda?

As persoas autónomas con ou sen persoal contratado, as microempresas e as pemes que pertencen ao sector da hostalería (incluíndo hoteis, hostais, casas rurais e outros aloxamentos).

### Requisitos

- a) Domicilio fiscal en Galicia.
- b) Estar afectado polos supostos de peche do establecemento ou peche perimetral do concello onde se sitúen os establecementos, ditados pola autoridade sanitaria.
- c) Ter pechada a actividade durante un mínimo de dúas semanas. Entenderase que están afectadas polo peche aquelas actividades económicas que non teñan permitido o consumo dentro do establecemento ou nas terrazas.

### Contía das axudas

- a) A axuda será de 1500 € por mes de paralización da actividade, desde o mes de outubro, cun mínimo de dúas semanas, aplicándose neste caso a parte proporcional (750 €).
- b) Se dan ocupación a 10 persoas traballadoras, percibirán a cantidade de 2000 € por mes paralizado, desde o mes de outubro, cun mínimo de dúas semanas, aplicándose neste caso a parte proporcional (1000 €). As axudas serán por establecemento paralizado; polo tanto, a persoa ou entidade beneficiaria pode ter máis dun establecemento con dereito a axuda. O aboamento realizarase polo 100 % no ano 2020.

### Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (28 de novembro de 2020).

### Presentación de solicitudes

- Obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible como anexo III na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigado cumprimento.
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é dun mes.

### Principais obrigas das persoas beneficiarias

- a) Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.
- b) Cumprir os requisitos.

### Máis información

- DOG núm. 240. Venres, 27 de novembro de 2020: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201127/AnuncioG0599-261120-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201127/AnuncioG0599-261120-0001_gl.pdf)
- Sede electrónica: código de procedemento TR400C
- No teléfono 900 815 600
- Na web: [www.oficinadoautonomo.gal](http://www.oficinadoautonomo.gal)
- Estas axudas serán compatibles con calquera outra.